

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE SANXENXO NO VERÁN 2015.

PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA

Selección e contratación laboral temporal polo sistema de oposición para o reforzo do Servizo de limpeza de praias do Concello de Sanxenxo durante a tempada de verán, a contratación será de ata dezasete (17) persoas a tempo parcial, por obra ou servizo cunha duración aproximada de dous meses. (Podendo variar segundo o contemplado na letra b) da base 2).

SEGUNDA. NÚMERO DE POSTOS E CONDICIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

a) Dezasete (17) persoas a tempo parcial, por obra ou servizo cunha duración aproximada de dous meses. A modalidade contractual será a duns contratos de duración determinada por obra ou servizo, a tempo parcial, cunha xornada semanal de vinte cinco horas. En concreto o servizo consistirá na limpeza de praias do noso Concello durante a tempada de verán, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado 1 a) segundo a redacción dada pola Lei 63/1997, do 26 de Decembro (B.O.E. de 30 de Decembro), do art.15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (B.O.E. 29-03-1995), por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

b) De ser o caso, por a concesión de axudas ou debida a urxente e motivada necesidade, poderase ampliar a xornada e a duración do/s contrato/s de un ou varios traballadores, a través da correspondente modificación asinada por ámbalas partes.

c) Os servizos comezarase a prestar no mes de xullo de 2015. (Podendo variar se e seleccionado a través do contemplado na letra b) desta base).

d) A retribución será de 521, 29 euros brutos / mes por tódolos conceptos. (Podendo variar se e seleccionado a través do contemplado na letra b) desta base).

e) A xornada será por 25 horas semanais de luns a domingo, co descanso proporcional correspondente. (Podendo variar se e seleccionado a través do contemplado na letra b) desta base).

f) A actividade fundamental céntrase no baleirado de papeleiras das praias, retirada de residuos da área de limpeza en zonas verdes anexas ás praias, incluídos paseos, sendeiros e vías de acceso recollendo os residuos e facendo un mantemento de desbroce, limpeza e nivelación da area nas saídas naturais de augas pluviais. Retirada de algas de traslado a vertedoiro autorizado. Recollida, retirada e transporte a vertedoiro autorizado ou centro de tratamento autorizado de calquera residuo depositado na area, incluíndose animais mortos, produtos envasados perigosos ou non, restos orgánicos, hidrocarburos, todo baixo a supervisión e control das concellerías de persoal, servizos e medio ambiente.

TERCEIRA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 da Lei 7 /2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ó que aspira.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contemplan o artigo da Lei 7 /2007, de 12 de abril.

e) Ter ingresado na conta bancaria de Nova Galicia Banco nº ES 12 2080 5061 45 3040005803 a cantidade de 5,16 euros fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do concello de 9:00 á 13:00 horas (excepto o sábado ata as 12:00 horas), durante o prazo de 5 días hábiles dende a publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia, **dende o sábado 25 de abril ata o xoves 30 de abril de 2015 (ámbolos dous inclusive).**

Xuntarase o modelo de instancia, debidamente cumprimentada e que se pode recoller no Concello ou na páxina web (OS ASPIRANTES DEBERÁN TRAER AS COPIAS, NON SE FARÁN COPIAS NO CONCELLO):

- Fotocopia do D.N.I.
- Xustificante de ter ingresado dereitos de exame ou tarxeta de demandante de emprego en vigor.

As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. De ser este o xeito deberá enviar fax o Concello (Fax: 986 721 022) a copia da instancia presentada en rexistro válido.

QUINTA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias o tribunal cualificador publicará a acta ca listaxe provisional de admitidos e excluídos (nun prazo de 2 días), así como as causas da súa exclusión. Esta acta será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web (www.sanxenxo.es). Os aspirantes excluídos disporán ata o día antes das probas para a corrección dos defectos ou omisións así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo a Alcaldesa mediante resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. No caso de que dende un primeiro momento non houbo ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a lista definitiva de admitidos. Nesta/s resolución/s, de existir variacións no Tribunal cualificador, publicarase a súa nova composición.

SEXTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Realizarase mediante oposición (0 a 10 puntos):

Primeiro e único exercicio o cal suporá o 100 % da oposición, consistirá nunha proba oral na que se valorarán aspectos relativos aos coñecementos do aspirante como peón de limpeza de praias, coñecemento do municipio, dispoñibilidade de vehículo, dispoñibilidade horaria, experiencia, antigüidade en desemprego, cargas familiares e niveis de rendas (aspectos os cales deberán poderse acreditar documentalmente se así o require o tribunal).

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos para acreditara súa identidade, deberán presentarse as probas provistos do documento acreditativo da mesma. Os aspirantes serán convocados en chamamento único e a non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo cas puntuacións finais obtidas, non podendo superar o proceso selectivo un número de persoas superior ó das prazas convocadas, formulándose proposta de nomeamento a favor dos dezasete aspirantes que acadasen a maior puntuación final.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto por sorteo realizado en presenza dos interesados. Na acta da última sesión incluírase unha relación dos aspirantes que, tendo aprobada a oposición, non obtivesen praza, na orde da puntuación final por estes obtida, co fin, si se estima necesario, de cubrir vacantes por renuncia, incapacidade temporal dalgún dos seleccionados ou se fose precisa a contratación de maior número de traballadores para dita obra ou servizo. O chamamento realizarase telefonicamente. Esta bolsa estará vixente durante o ano 2015.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán cumprir os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria contidos na Base segunda das presentes Bases unha vez se produza o seu chamamento para a prestación de servizo, no prazo de dous días momento no que serán sometidos, se a corporación o estima oportuno, os recoñecementos médicos precisos en orde a determinar a súa aptitude para o normal desempeño da función.

Estableceranse nos contratos un período de proba de 15 días naturais dende a data de alta, período durante o cal, sen previo aviso poderá rescindirase o mesmo por calquera das partes.

SÉTIMA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

As probas realizaranse o MERCORES 6 de maio de 2015, no pazo Emilia Pardo Bazán en Miraflors, s/n. O tribunal establecerá varias quendas as cales se porán en coñecemento o día da publicación dos aspirantes admitidos e excluídos (dentro dos 2 días despois da data de finalización de presentación de instancias), publicándose o anuncio correspondente no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Sanxenxo.

OITAVA. DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.— Relación de aprobados/as. Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

Cuarta.— contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa publicación.

Asemade, os/as interesados/as poderán interpoñer Recurso potestativo de Reposición perante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes dende a súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer Recurso Contencioso – Administrativo ata a resolución expresa ou presunta do Recurso de Reposición, de acordo co previsto nos art.116 e 117 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

NOVENA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado por :

PRESIDENTE : Luís Ángel Sabariz Rolan, tesoureiro do Concello de Sanxenxo.

SECRETARIO : Celestino Otero Camiña, funcionario de intervención.

VOCAIS : Francisco Javier Outón Martínez, Servizo limpeza de praias.

ASESORES: Carlos Granjel Dios, técnico de emprego / persoal do Concello de Sanxenxo.

SUPLENTES: Teresa Reyes Martínez, funcionaria do Concello de Sanxenxo.
Teresa Amado Moldes, funcionaria Concello de Sanxenxo.

DECIMA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 24 de abril de 2015.

A alcaldesa,

Catalina González Bea.